


Abrapalabra!, este traballo compartido de Antón Cortizas e Carlos Coira, ao que se veñen engadir aínda as ilustracións da man de Jacobo Fernández Serrano, constitúe unha mostra perfecta da conxunción posible entre o literario, o plástico e mais o lúdico. Unha simbiose que se consegue grazas a un potente deseño editorial, capaz de presentarnos un libro de tapa dura con forma de atriil completamente ilustrado e cuxas páxinas agochan a maxia máis tradicional, o interese por descubri-la, aprendela e gozar e facer gozar con ela; mais tamén acubillan esoutra maxia, a que está tras as palabras, a poesía.

Deste xeito, os poe-

tes de Antón Cortizas, –musicais, con ritmo, caligramas, adiviñas...– e mais os xo-



Soñar coa maxia

Para momentos fermosos

PAULA FERNÁNDEZ

gos de Carlos Coira –trucos dos de sempre, con materiais asequibles, perfectamente presentados e desenvolvidos, acompañados de útiles consellos e mesmo de carnés e diplomas para os magos e as magas que van superando os diferentes niveis– emparéllanse para conseguir un volume onde sobresa e o espírito da maxia, o centileo

do marabilloso e da sorpresa, pero por riba de todo isto o espírito de pasalo ben.

Aprender, abraiari e inventar usando ben as palabras e xogando con estas, tal é o propósito a atinxir. Un libro–xogo, xa que logo, que non esquece a literatura, un obxecto lúdico que dará momentos ben fermosos a quen o abra con interese e deixe voar a imaxinación soñando ser un gran mago.

Se cadra algo moi útil para gozar das tardes de inverno, ou de calquera época do ano, lendo e xogando coa familia e cos amigos. *CORTIZAS, Antón/, COIRA, Carlos/FERNÁNDEZ, Jacobo, Abrapalabra!, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP14, 50 €*